



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presentan para debate e aprobación, se procede, polo leno da corporación, a seguinte **Moción a respecto das parcelas do predio Antela**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de agricultura desta Deputación ten elaborado un informe cuns criterios para a concesión de parcelas na finca que a Deputación ten no concello de Sandiás. Este informe nacía dentro das medidas dun suposto apoio ao sector agrario que a Institución Provincial tiña entre os seus obxectivos, pero que nunca se chegou efectivizar.

A idea consistía en por ao dispor dos profesionais da agricultura o uso e desfrute de 56 hectareas de terreo agrupadas en parcelas, hoxe destinadas a praderías e cultivo de cereal, en réxime de aluguer, previo cumprimento dunha serie de baremos e do cumprimento obrigado dunhas condicións previas.

Para o BNG, si algún sentido podería ter o INORDE, sería a posta en valor e defensa do medio rural como creador de riqueza e benestar, polo que esta idea de por en arrendamento os predios, tería varias consecuencias positivas: fomentar o asociacionismo e o cooperativismo, a incorporación de novos agricultores/as a actividade agraria ou permitir o dimensionamento das explotacións para outros profesionais que precisan máis terra.

A base territorial é un dos principais elementos que lastran a posibilidade de por en marcha explotacións rendíbeis, daquela resulta inasumíbel a existencia de superficie agraria útil ociosa e máis si esta está en mans dunha administración pública e en disposición de ser utilizada.

Polo tanto consideramos que debe establecerse unhas bases para o acceso a estas terras por parte das persoas interesadas en base a criterios similares aos establecidos no artigo 6.2. da lei 6/2011, de mobilidade de terras, en canto a que se considere prioritario o seu destino a actividade agraria, tanto para garantir a viabilidade de explotacións xa existentes como a incorporación de novas.

A Consellaría de Medio Rural convoca anualmente axudas para o sector

destinadas a plans de mellora e á incorporación de novos activos á actividade agraria polo que este Grupo Provincial considera que desde a Deputación se deben establecer as medidas para que os prazos en que a Deputación Provincial resolva os expedientes se acomoden aos establecidos pola Administración galega para a presentación de ditas solicitudes.

Igualmente, e para garantir a viabilidade dos investimentos que as persoas que concorren a estas axudas teñen que facer, prestaraselle o apoio técnico para elaborar os plans e estudos de viabilidade.

Por todo o anterior exposto SOLICITAMOS, por parte do Pleno da corporación, a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Que se leve a práctica, a maior brevidade posíbel, a aprobación dunhas bases en concorrencia competitiva, en base ao informe elaborado polos técnicos da Deputación, aos efectos de que por parte daqueles interesados/as en facerse cun predio propiedade da Deputación poidan solicitalo e por así en marcha unha explotación agraria ou garantir a viabilidade da xa existente. Á hora de por en marcha esta iniciativa teranse en conta os seguintes criterios:

- Respecto dos obxectivos establecidos no artigo 6.2. da lei 6/2011 de mobilidade de terras de forma que se ponderen elementos que leven á consecución dos fins enumerados nel.
- Que poidan servir de complemento ás persoas que concorren ás axudas de plans de mellora e de incorporación de novos activos á actividade agraria da Consellaría de Medio Rural adecuando os prazos

2.- Por os servizos técnicos do INORDE e da Deputación ao servizo das persoas que soliciten ditas axudas para a elaboración dos estudos e plans de viabilidade da explotación co fin de evitar que se malogren os seus investimentos.

Ourense, 20 de abril de 2016

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE